

RECOÑECEMENTO ■ O autor chairego de Literatura infantil foi elixido este ano para a tradicional celebración do 'Escritor na súa Terra'


Vilalba acollerá a homenaxe da AELG a Fernández Paz

O Escritor na súa Terra, actividade anual que impulsa a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), chega este ano a súa XV edición con Agustín Fernández Paz como protagonista. A homenaxe terá lugar o vindeiro día vinte na súa terra natal, Vilalba.

O Escritor na súa Terra constitúese ao longo de máis dunha década, segundo subliñan desde a AELG, nunha celebración onde a xeografía vital do autor adquire protagonismo fundamental. Trátase dunha celebración "múltiple e popu-

lar" na que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón *Letra E de escritor*, unha peza escultórica asinada por un recoñecido artista galego; a plantación dunha árbore simbólica, elixida polo propio autor, e que neste caso é unha bidueira; a inauguración dun monolito conmemorativo ou dun espazo público co nome do homenaxeado ou cun nome elixido por este.

Agustín Fernández Paz é narrador, ensaísta, profesor, peda-



Agustín Fernández Paz

gogo, sociolingüista e especialista en animación á lectura e á literatura infantil e xuvenil, actividades todas dunha vida comprometida cos oficios de educar e escribir na lingua galega. Autor de medio centenar de ficcións narrativas da máis variada fasquía, tecidas cos fíos da vida e da súa experiencia de lector e cinéfilo empedernido, en moitas delas evócanse as paisaxes da memoria da súa infancia chairega. Dende as súas novelas primeiras, aos seus libros de relatos revelouse como un dos narradores que deixou máis fortes pegadas en milleiros de lectores de varias xeracións.

Xa na súa madurez humana e literaria, ofreceu algunhas das novelas máis valoradas dos últimos anos como *Aire negro* ou *Corredores de sombra*. Recibiu o Premio Nacional de Literatura Infantil polos relatos reunidos no libro *O único que queda é o amor*. ● REDACCIÓN

MARÉ